

NOTA DE PRENSA

O acto de entrega terá lugar no Centro Abanca en Santiago de Compostela o venres 7 de xuño

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia outorga o seu máximo galardón ao investigador Ángel Carracedo

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.- O catedrático e investigador Ángel Carracedo recibirá mañá venres **7 de xuño** o máis significativo galardón que concede o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o **premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade**. O acto, que se celebrará no **Centro Abanca en Santiago de Compostela (Praza de Cervantes) ás 19 horas**, será no marco do encontro **Achegas da Psicoloxía**, onde se congregan os colexiados e colexiadas desde hai xa once anos.

O Premio Dolores Llópiz é o máximo galardón que entrega o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que pretende distinguir á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da profesión. Nesta ocasión, a Xunta de Goberno do Colexio acordou outorgarlllo á **Ángel Carracedo Álvarez**, polo seu papel como investigador e divulgador científico, polas súas contribucións no ámbito da neuropsicoloxía, o que o sitúa como un referente internacional. Este Catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela é tamén director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e conta con numerosas publicacións de carácter científico e divulgativo

Con este recoñecemento, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quere significar o labor que vén desenvolvendo no ámbito da neuropsicoloxía, nomeadamente a través da Fundación INGADA, que preside, onde numerosos profesionais da psicoloxía integran o equipo multidisciplinar que lidera.

Esa excepcional carreira investigadora que o sitúa como un referente internacional cobra maior relevancia ao compaxinala co compromiso pola divulgación dos seus coñecementos e pola súa aproximación humanizada á ciencia e significativa vocación de servizo á comunidade.

Ademais da entrega do galardón, no acto Achegas da Psicoloxía vaise efectuar un recoñecemento a aqueles e aquelas profesionais que levan 25 anos de vida colexial. O encontro Achegas da Psicoloxía celebrarase ás 19:00 horas no Centro Abanca en Santiago de Compostela.

Colexiado de Honra

No Achegas da Psicoloxía 2019, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entregará tamén a distinción especial Colexiado de Honra ao psicólogo Miguel Pérez Pereira. Con esta significación pretende recoñecerse a extraordinaria entrega persoal dos seus colexiados e colexiadas tanto á institución como ao desenvolvemento da profesión da Psicoloxía en Galicia.

A historia do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está marcada indiscutiblemente por Miguel Pérez Pereira, que foi un dos nomes esenciais no nacemento do noso Colexio, do que foi o primeiro presidente entre 1980 e 1987, deixando no colexio un dos meirandes legados institucionais.

Todo isto unido ao gran labor que exerce desde o ámbito académico, xa que é Catedrático de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, o que facilitou unha excepcional cooperación entre a universidade e o colexio profesional. Foi investigador principal en varios proxectos sobre a adquisición da linguaxe, con especial referencia á adquisición da linguaxe en nenos/as con cegueira e tamén en prematuros. Conta con diversas publicacións tanto de libros, capítulos e artigos sobre estas e outras temáticas.

Premio Dolores Llópiz

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou o Premio Dolores Llópiz hai once anos, para render homenaxe pública a aquelas figuras que tiveran colaborado activamente co campo da psicoloxía. O nome do galardón correspóndese co da psicóloga finada Dolores Llópiz Pereiro, que participou no COPG durante unha década, formando parte da Xunta de Goberno, da Comisión Deontolóxica e da Área de Psicoloxía Educativa.

Recibiron o galardón en anos anteriores:

2018. Amelia Valcárcel Bernaldo de Quirós

Polo seu papel como "mestra" da teoría política feminista na nosa sociedade, sen perder de vista outras realidades moito máis duras no planeta. Ademais das súas contribucións como docente e filósofa a unha defensa da ética profesional e do compromiso social a través do seu exercicio.

2017. Fundación Andrea

Pola súa labor coa infancia en Galicia, apoiando ás familias de nenos e nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas.

2016. Rede Galega de Loita contra a Pobreza

Polo seu traballo por colectivos en situación de vulnerabilidade e dar voz ás persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación.

2015. Eduard Punset (divulgador científico)

Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.

2014. Veciñanza do barrio de Angrois

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no trágico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.

2013. José Luis Sampedro Sáez (escritor e humanista)

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.

2012. Gemma Nierga (xornalista)

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo, contribuíndo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.

2011. Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.

2010. Carlos Varela García (Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia)

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.

2009. Joel Gómez (xornalista)

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.

Sáúdos,

Se desexan **ampliar a información ou para asistir a algún dos actos**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

981 534 049 / 699 908 968

comunicacion@copgalicia.gal